

proxecto de ponte sobre o río Limia, no Valoiro e, na sesión do vinte e tres de xullo de dous mil dez, ratificou a súa solicitude á Xunta de Galicia para a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

O dito expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

O expediente tratouse na comisión de secretarios xerais previa a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O expediente contén a documentación a que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, pois, segundo sinala a deputación, este proxecto é necesario, xa que se trata dun tramo da estrada que non ten saída por estar cortado o paso, ao non poder ser atravesado polos terreos que deben ser expropiados. Na actualidade, para ir do Valoiro a Xeás hai que cruzar o río Limia pola ponte da central hidroeléctrica, pasada esta hai que percorrer un camiño cunhas dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos e cun trazado en pendente, con curvas pechadas, sen barreiras de protección ao que se suma o mal estado de conservación da capa de rodadura e a falta de sinalizacións verticais. Por conseguinte, con este proxecto trátase de reducir a inseguridade viaria e mellorar as comunicacións entre ambos os núcleos de poboación.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catorce de outubro de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de ponte sobre o río Limia, no Valoiro da Deputación Provincial de Ourense, debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autori-

zacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, catorce de outubro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 19 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 23 de abril de 2010, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

A Resolución do 23 de abril de 2010, pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo (DOG nº 81, do 30 de abril de 2010), establece as bases e convoca para 2010 as axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

No seu artigo 12 precísase a aplicación orzamentaria e a contía inicial dos créditos destinados a financiar estas axudas, sen prexuízo de posteriores modificacións orzamentarias. Así, existindo dotacións dispoñibles para esta finalidade, cómpre ampliar o importe dos créditos inicialmente asignados co fin de poder amparar o maior número de solicitudes de axudas posible.

Polo exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Ampliar a dotación orzamentaria que se establece na Resolución do 23 de abril de 2010, pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo (DOG nº 81, do 30 de abril de 2010), establece as bases e convoca para 2010 as axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

Segundo.-O incremento da dotación será de 500.000,04 euros, na aplicación orzamentaria 04.40.312G.480.0, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo (eixo 2 tema prioritario 69) do Programa operativo de Galicia 2007-2013.

Unha vez efectuado este incremento, o importe total da dotación orzamentaria ascende a 1.100.000,04 euros.

Terceiro.-En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita resolución estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta resolución non afecta o prazo establecido na devandita resolución para a presentación das solicitudes.

Disposición derradeira

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade

**CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE, TERRITORIO
E INFRAESTRUTURAS**

Resolución do 18 de outubro de 2010, do tribunal designado para cualificar as probas de constatación da capacitación para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización dos exercicios.

En sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2010, o tribunal designado pola resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 18 de xaneiro de 2010 para cualificar as probas de constatación da capacitación para o exercicio das actividades de transporte interior e internacional de mercadorías e de transporte interior e internacional de viaxeiros,

ACORDOU:

Primeiro.-Os exercicios da segunda convocatoria do ano 2010 das probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio de actividades de transporte terán lugar o 14 de novembro de 2010 no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela.

Segundo.-Os/as aspirantes que fosen admitidos/as para a realización das probas serán citados/as en chamamento único segundo a seguinte distribución:

- a) Transporte interior e internacional de mercadorías: todos eles/as ás 9.00 horas.
- b) Transporte interior e internacional de viaxeiros: todos eles/as ás 16.00 horas.

Terceiro.-Os/as aspirantes deberán presentarse provistos/as de DNI en vigor ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, tamén en vigor; a súa falta dará lugar á non-admisión do/a aspirante á realización das probas. Recoméndase-

lles igualmente aos/as aspirantes que concorran provistos/as da copia da solicitude de admisión e da folia xustificativa do pagamento das taxas de exame.

Así mesmo, deberán dispor dun lapis do número 2 e goma de borrar para realizar o exame, de xeito que se poida efectuar a súa corrección mediante mecanismos automatizados. Poderán tamén levar máquinas calculadoras sen memoria RAM para realizar as operacións matemáticas que resulten necesarias.

Cuarto.-Non se permitirá o acceso e tenza no recinto onde se realizarán os exercicios de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, agás o indicado no punto anterior respecto das máquinas calculadoras. Do mesmo xeito, queda prohibido o acceso con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización das probas.

Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010.

Antón García Ríu
Presidente do tribunal

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA**

Orde do 15 de outubro de 2010 pola que se modifica o artigo 16 do anexo I da Orde do 14 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de proxectos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, modificada pola Orde do 3 de agosto de 2010.

Pola Orde do 14 de abril de 2010 establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de proxectos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e procédese á súa convocatoria para o ano 2010. A Orde do 3 de agosto de 2010 modifica a anterior.

No artigo 16 do anexo I da Orde do 14 de abril de 2010 establécese que, para cobrar a totalidade da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar nos lugares sinalados no artigo 2º desta convocatoria, e na data límite do 29 de outubro de 2010, un exemplar da documentación que se indica. Establécese, así mesmo, que en ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento con data posterior ao 29 de outubro de 2010.